

CONTRIBUCIÓN Ó CATÁLOGO DOS MYXOMYCETES DA PENÍNSULA IBÉRICA

por
L.CABO REY*

Resume

Descríbense 10 especies de Myxomycetes, das cales 5 son novas para a Península Ibérica (3 nivícolas, procedentes de Navacerrada e 2, do N.W. penínsular). As 5 restantes non foron anteriormente mencionadas para Galicia.

Palabras clave: Myxomycetes, coroloxía, Galicia, Península Ibérica

Summary

Ten taxons of Myxomycetes are described. Among them we have found five non-mention species in Iberian Peninsula (3 nivícolas, founded in Navacerrada and 2 in the N.W. of the Peninsula. The remaining ones were never mentioned neither in Galicia or Portugal.

Key words: Myxomycetes, Galicia, chorology, Iberian Peninsula

INTRODUCCIÓN

Dende a anterior aportación ós Myxomycetes de Galicia (CABO, 1995), aumentamo-lo noso catálogo co material recollido nas saídas mensuais do Grupo Micológico Galego, as periódicas de "Flora Micológica Ibérica" e coa prospección de especies nivícolas en Navacerrada co gallo do "II Congreso Internacional de Sistemática y Ecología de Myxomycetes (Madrid, 1996)". Do material estudiado seleccionamos aquelas especies que coidamos novidade para España, Portugal ou Galicia.

As recoleccións realizadas en Galicia corresponden, na meirande parte, á zona costeira (Rías Baixas) e á comarca de Santiago, quedando aínda por prospectar tanto a costa da provincia de Lugo coma

as montañas do interior, onde posiblemente se poderán tamén atopar taxons nivícolas.

Para a identificación das especies empregáronse esencialmente os traballos clásicos de LISTER (1925), MARTIN ET ALEXOPOULUS (1969), FARR (1976) e NANNENGA-BREMEKAMP (1991) e para a análise dos datos corolóxicos, o traballo de LADO (1993).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Dos taxons indicados faise unha breve descripción salientando o que de seu teñen máis característico. Despois da localidade, hábitat e data do achádego vai a referencia do material conservado na micoteca particular.

* Gómez Ulla, 1, E-15702-Santiago

***Craterium leucocephalum* (Pers. ex J.F.Gemel.) Ditmar var. *scyphoides* (Cooke & Balf.) G.Lister**

Esporanxios agrupados, pedicelados, de ata 1 x 0,4 mm, con forma de copa baixa ou de buxaina cun opérculo convexo. Cor branca agás o pé pardo-vermello, curto, estriado e o hipotalo pardo, discoide. Peridio persistente, cartilaxinoso, dehiscente polo opérculo, deixando a beira do cálice irregular, con fendeduras. Capilicio reticular, con curtos filamentos case transparentes e grandes nós brancos, máis ou menos redondeados que se xuntan no centro para formar unha pseudocolumela. Esporas en masa case negras, pardo-violáceas ó microscopio, esféricas, de 8,5-10 µm, con algunhas pequenas verrugas.

As características máis salientables son a cor branca, a forma de buxaina tendente á esfericidade e as esporas algo máis grandes que *C. leucocephalum* (Pers. ex J.F.Gemel.) Ditmar var. *leucocephalum*

PONTEVEDRA: Bueu, Nerda, en sarmentos de *Vitis vinifera*, 20-I-1997 (CR9M97).

Nova especie para Galicia.

***Didymium leptotrichum* (Racib.) Masee**

Plasmodiocarpus curtos, oblongos, irregulares, sésiles, de 1 mm, arrugados, de cor agrisada, cubertos por veces de manchas brancas de calcio. Hipotalo inconspicuo. Peridio membranoso, con pouca cor, transparentando o contido escuro. Capilicio filamentosos, de 2-3 µm, pardo púrpura, ramificado e interconectado mediante expansións, ás veces illadas. Sen columela. Esporas en conxunto negras, por transmisión de luz pardo púrpura escura, esféricas, de 11-14-(15) µm, con moitas verrugas.

Son especies semellantes: *D. listeri* Masee, que ten peridio dobre e *D. dubium* Rostaf., con capilicio pálido sen expansións e esporas craras, case reticuladas.

SEGOVIA: Navacerrada, sobre *Rubus*, na marxe da neve fundente, 18.IV.1996 (CR5M96).

Primeira cita para a Península Ibérica.

***Didymium listeri* Masee**

Esporanxios illados, sésiles cunha ampla base, brancos, irregularmente ovais, de 1,8 x 1 x 0,5 mm Hipotalo inconspicuo. Peridio de dúas capas, a de fóra branca, calcárea, mate fariñenta, e a de dentro membranosa, translúcida, separable de seu na dehiscencia. Capilicio moi fino, pouco expandido, pardo, exténdese mediante ramificacións interconectadas dende a base ata o peridio, cos filamentos terminais descoridos. Sen columela. Esporas en masa pardo escuras, por transparencia pardo violáceas, esféricas, de 8,5-9 µm, con verrugas pequenas.

É semellante a *D. dubium* Rostaf., pero este ten peridio enrugado, capilicio pálido e expansivo e as esporas meirandes, con reticulación parcial.

PONTEVEDRA: Barra, Cangas, enriba de follas de *Alnus glutinosa*, 20-I-97 (CR12M97).

Novidade para a Península Ibérica.

***Lamproderma atrosporum* Meyl.**

Esporanxios globosos, 0,8-1 mm de diámetro, negros con reflexos prateados, sésiles ou curtamente estipitados. O pé, tamén negro, ensánchase na base para se xuntar cun hipotalo discoide. Peridio caduco, persistindo cachiños pendurados dun abondoso capilicio, pardo negro, filamentosos, ramificado, de 4-6 µm, con largas expansións e conexións ó peridio, funiliformes. A columela, alongamento do pé, ramifica ata o medio do esporo-carpó. Esporas en masa negras, pardo escuras por transmisión da luz; esféricas, de 13-18 µm, con moitas e curtas espiñas que forman redes incompletas.

O xeito de xunirse o capilicio ó peridio, o tamaño das esporas e a súa case

reticulación, distingue esta especie da semellante *L. sauterii* Rostaf.

SEGOVIA: Navacerrada, sobre *Rubus*, na beira da neve fundente, 18-IV-1996 (CR2 M96).

Primeira cita para a Península Ibérica.

***Physarum flavicomum* Berk.**

Esporanxios pedicelados, esféricos, inclinados, de 0,3-0,4 mm coa base aplanada, de cor gris escuro, con irisacións e sen aposicións calcáreas. Pé afusado que alcanza ata 0,7 mm, pardo vermello, retorto e estriado. Hipotalo pequeno, estrelado, da mesma cor que o pé. Capilicio reticulado por cordóns curtos con grosas masas calcáreas amarelas, poligonais ou estreladas, que persisten despois da dehiscencia coa mesma forma e tamaño que o esporocarpo. Sen columela. Esporas, en masa, pardo escuras, por transmisión da luz pardo violáceas, esféricas, de 8,5-9,5 μm , miudamente graúdas.

Plasmodio amarelo verdeal.

O seu máis achegado, *Physarum viride* (Bull.) Pers., non ten peridio liso iridiscente, senon aplicacións calcáreas amarelas e capilicio con nós estreitos, fusiformes, sen chegar a ter estrutura tan densa.

A CORUÑA: Brión, Adoufe, sobre *Pinus* descascado, 18-II-1997 (CR17M97).

Novidade para a Península Ibérica.

***Physarum melleum* (Berk. & Broome)**

Massee

Agrupamento de esporanxios globosos, de ata 0,5 mm, co pé branco, ás veces vermello no alto, cilíndrico, dereito, de 0,5-0,7 mm, asentado nun hipotalo radial, tamén branco. Peridio arrugado, pardo amarelo ou alaranxado, con incrustacións que lle dan aspecto verruguento ou esfarelado; dehiscente dun xeito irregular, persistindo na base. Columela amarelada, tendente á forma cónica. Capilicio abundante con pracas brancas, poligonais, conectadas por filamentos descoridos. Esporas en conxunto pardo

renegridas, por transparencia pardo violáceas pálidas, esféricas, de 8,5-10 μm , con pequenas verrugas.

A CORUÑA: Vedra, San Pedro de Vilanova, en *Rubus* e follas de *Vitis vinifera*, 28-IX-1996 (CR26M96); idem, en ramas secas de umbelífera sen precisar, 20-X-1996 (CR27M96).

Primeiras citas para Galicia.

***Physarum vernum* Somm. ex Fr. var. *iridiscens* G.Lister**

Plasmodiocarpas irregulares, de ata 1 mm de ancho, illados ou confluentes formando unha rede incompleta. Escasos esporanxios globosos, sésiles, todo o máis de 1 mm. Hipotalo inconspicuo. Peridio membranoso, translúcido e iridiscente. Algúns exemplares teñen miudas incrustacións agrisadas co fondo tamén iridiscente. Sen columela. Capilicio reticular, con pequenas mallas e delgados filamentos descoridos, nós calcáreos de pouco grandor e distintas formas. Esporas en conxunto pardo escuras; por transparencia pálidas, pardo púrpura, case lisas ou un pouco verrugentas, de 9-11,5 μm de diámetro.

Physarum cinereum (Batsch) Pers., moi semellante, ten máis tendencia a formar esporanxios e as esporas, pardo violáceas, teñen verrugas máis bastas. O peridio iridiscente caracteriza a variedade.

A CORUÑA: Santiago, Conxo, en caule de *Brassica oleracea*, 5-I-1997 (CR3M97).

Primeira cita para a Península Ibérica.

***Stemonitis lignicola* Nann.-Bremek.**

Esporanxios pedicelados, formando mañizas, cilíndricos, un algo curvos, ata 13 mm de longo, cun pé negro, que non sobrepasa 1/4 do total, de cor pardo vermella por transparencia, implantados nun hipotalo común, pardo escuro. Peridio pardo violáceo, fugaz. A columela, negra, chega ata a cima, con sinuosidades no tercio final. O capilicio forma dous

retículos, o interno pardo pálido, con 3-4 mallas e expansións membranosas, e outro externo de cordóns máis finos, craros, duradeiros, coas mallas moi tupidas e angulosas, de 6-20 μm e con escasas terminacións libres. Esporas en conxunto pardas, pardo vermellas ó microscopio, finamente graudas, de 7-8 μm .

A falla de rede esporal diferenciaa de *S. fusca* Roth e as pequenas mallas da rede periférica do capilicio sepáranas de *S. splendens* Rostaf. var. *webberi* (Rex) Lister.

LUGO: S. Román de Cervantes, sobre póla de caducifolio, 20-VII-1994 (CR48 M94). DOURO LITORAL: Viseu, sobre tronco de caducifolio, 7-XI-1996 (CR50 M96).

Primeira cita para Galicia e para Portugal.

***Trichia alpina* (R.E.Fries) Meyl.**

Plasmodiocarpus curtos, duns 3 mm e esporanxios subglobosos, de 0,6-1 mm, lisos, de cor pardo vermella cando están inmaduros, despois negros, arrugados e graudos. Hipotalo traslúcido, pardo. Peridio duro, en dúas capas non separables, negra a de fora e amarela a de dentro. Capilicio constituído por abundantes eláteres amarelos, de 6-8 μm , cos ápices romos, ornamentado con 2-5 bandas e algunhas espiñas. Esporas en masa amarelas; por transparencia, amarelo crariñas esféricas, de 16-18 μm , finamente espiñas.

A cor negra, o dobre peridio, a presenza de eláteres e o tamaño das esporas diferencian este taxon de calquera outro.

SEGOVIA: Navacerrada, sobre *Rubus*, ó carón da neve fundente, 18-IV-1996 (CR 1M96).

Primeira cita para a Península Ibérica.

***Trichia persimilis* P.Karst.**

Extenso e apremiado conxunto de esporanxios esféricos, de 0,6-0,8 mm, sésiles, máis ou menos deformados por compresión,

de cor ocre alaranxada a olivácea. Hipotalo pardo. Peridio liso, membranoso, que transparente o interior. Dehiscencia irregular, persistindo unha copa basal. Capilicio con eláteres longos, de 5-6 μm de diámetro, amarelos, con 4 espirais e pequenas e finas espiñas; os ápices son agudos e curtos. Esporas en masa amarelas; ó trasluz amarelo craras, esféricas ou subesféricas, de 11-13 μm , con grosas verrugas formando cadeas e borde interrompido.

A ornamentación esporal, a forma esférica dos esporanxios e a falla de estriación dos eláteres, permite separala de *T. favoginea* (Batsch) Pers. da cal, para algúns autores trátase somentes dunha variedade.

A CORUÑA: Ferrol, Doniños, sobre madeira de *Pinus*, 23-II-1997 (CR26M97).

Primeira cita para Galicia.

AGRADECIMENTOS

Ó Dr. Carlos Lado tanto por comprobala identificación dalgunhas mostras como polas súas ensinanzas no campo, especialmente para a recolección de especies nivícolas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CABO REY, L. 1995. Aportación al catálogo de Myxomycetes de Galicia, II. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 26: 67-72
- FARR, M.L. 1976. *Flora Neotropica, monograph 16: Myxomycetes*. New York Botanical Garden
- LADO, C. 1993. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica, 376-692. *Cuadernos de Trabajo de Flora Micológica Ibérica* 7. C.S.I.C. Madrid
- LISTER, A. 1925. *Mycetozoa*. British Museum (Natural History). London
- MARTIN, G.W. & ALEXOPOULUS, C.J. 1969. *The Myxomycetes*. Univ. of Iowa
- NANNENGA-BREMEKAMP, N.E. 1991. *A Guide to temperate Myxomycetes*. Biopress Limited. Bristol

PORTELA, J. & LADO, C. (1990) Frag-menta 2173. *Anales Jard. Bot. Madrid* 47(1):
Chorologica Occidentalia, Fungi 2127- 199-284